

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2021



Nº CTAS.	ACTIVO	31/12/2021	31/12/2020
	A) INMOBILIZADO	449.793,78	413.369,40
	<i>I. Investimentos destinados ao uso xeral</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
200	1. Terreos e bens naturais	0,00	0,00
201	2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	0,00	0,00
208	3. Bens do Patrimonio histórico, artístico e cultural	0,00	0,00
	<i>II. Inmobilizacións inmateriais</i>	<i>8.839,31</i>	<i>11.893,05</i>
210	1. Gastos de investigación e desenvolvemento	0,00	0,00
212	2. Propiedade industrial	51.923,59	51.923,59
215	3. Aplicacións informáticas	10.207,71	27.037,29
216	4. Propiedade intelectual	0,00	0,00
217	5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro	0,00	0,00
219	6. Outro inmovilizado inmaterial	0,00	76.156.213,67
(281)	7. Amortizacións	-53.291,99	-76.223.281,50
	<i>III. Inmobilizacións materiais</i>	<i>440.954,47</i>	<i>401.476,35</i>
220, 221	1. Terreos e construcións	368.313,58	368.313,58
223	2. Instalacións técnicas, maquinaria e ferramentas	512.414,13	501.348,79
226	3. Mobiliario	271.346,96	333.438,53
227, 228, 229	4. Outro inmovilizado	588.420,90	763.466,15
(282)	5. Amortizacións	-1.299.541,10	-1.565.090,70
23	<i>IV. Investimentos xestionados</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	<i>V. Investimentos financeiros permanentes</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
250, 251, 256	1. Carteira de valores a longo prazo	0,00	0,00
252, 253, 257	2. Outros investimentos e créditos a longo prazo	0,00	0,00
260, 265	3. Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo	0,00	0,00
(297)	4. Provisións	0,00	0,00
27	B) GASTOS A DISTRIBUÍR EN VARIOS EJERCICIOS	0,00	0,00
	C) ACTIVO CIRCULANTE	2.585.961,87	1.126.505,32
	<i>I. Existencias</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
30	1. Comerciais	0,00	0,00
31, 32	2. Materias primas e outros aprovisionamentos	0,00	0,00
33, 34	3. Produtos en curso e semiterminados	0,00	0,00
35	4. Produtos terminados	0,00	0,00
36	5. Subprodutos, residuos e materiais recuperados	0,00	0,00
(39)	6. Provisións	0,00	0,00
	<i>II. Debedores</i>	<i>2.408.856,54</i>	<i>1.027.091,54</i>
43	1. Debedores orzamentarios	2.414.669,47	1.032.904,47
44	2. Debedores non orzamentarios	0,00	0,00
45	3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos.	0,00	0,00
470, 471, 472	4. Administracións Públicas	0,00	0,00
550, 555, 558	5. Outros debedores	0,00	0,00
(490)	6. Provisións	-5.812,93	-5.812,93
	<i>III. Investimentos financeiros temporais</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
540, 541, 546, (549)	1. Carteira de valores a curto prazo	0,00	0,00
542, 543, 544, 545, 547, 548	2. Outros investimentos e créditos a curto prazo	0,00	0,00
565, 566	3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo	0,00	0,00
(597), (598)	4. Provisións	0,00	0,00
57	<i>IV. Tesourería</i>	<i>177.105,33</i>	<i>99.413,78</i>
480, 580	<i>V. Axustes por periodificación</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	TOTAL XERAL (A+B+C)	3.035.755,65	1.539.874,72

Nº CTAS.	PASIVO	31/12/2021	31/12/2020
	A) FONDOS PROPIOS	652.637,27	654.521,20
	<i>I. Patrimonio</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
100	1. Patrimonio	0,00	0,00
101	2. Patrimonio recibido en adscrición	0,00	0,00
103	3. Patrimonio recibido en cesión	0,00	0,00
(107)	4. Patrimonio entregado en adscrición	0,00	0,00
(108)	5. Patrimonio entregado en cesión	0,00	0,00
(109)	6. Patrimonio entregado ao uso xeral	0,00	0,00
11	<i>II. Reservas</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	<i>III. Resultados de exercicios anteriores</i>	<i>654.521,20</i>	<i>733.337,93</i>
120	1. Resultados positivos de exercicios anteriores	5.081.297,06	5.081.297,06
(121)	2. Resultados negativos de exercicios anteriores	-4.426.775,86	-4.347.959,13
129	<i>IV. Resultados do exercicio</i>	<i>-1.883,93</i>	<i>-78.816,73</i>
14	B) PROVISIONS PARA RISCOS E GASTOS	64.529,00	64.529,00
	C) ACREDORES A LONGO PRAZO	0,00	0,00
	<i>I. Emisións de obrigacións e outros valores negociables</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
150	1. Obrigacións e bonos	0,00	0,00
155	2. Débedas representadas noutros valores negociables	0,00	0,00
156	3. Xuros de obrigacións e outros valores	0,00	0,00
158, 159	4. Débedas en moeda estranxeira	0,00	0,00
	<i>II. Outras débedas a longo prazo</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
170, 176	1. Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00
171, 173, 177	2. Outras débedas	0,00	0,00
178, 179	3. Débedas en moeda estranxeira	0,00	0,00
180, 185	4. Fianzas e depósitos recibidos a longo prazo	0,00	0,00
259	<i>III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	D) ACREDORES A CURTO PRAZO	2.318.589,38	820.824,52
	<i>I. Emisións de obrigacións e outros valores negociables</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
500	1. Obrigacións e bonos a curto prazo	0,00	0,00
505	2. Débedas representadas noutros valores negociables	0,00	0,00
506	3. Xuros de obrigacións e outros valores	0,00	0,00
508, 509	4. Débedas en moeda estranxeira	0,00	0,00
	<i>II. Débedas con entidades de crédito</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
520	1. Préstamos e outras débedas	0,00	0,00
526	2. Débedas por xuros	0,00	0,00
	<i>III. Acredores</i>	<i>2.318.589,38</i>	<i>820.824,52</i>
40	1. Acredores orzamentarios	2.216.746,55	751.011,77
41	2. Acredores non orzamentarios	0,00	0,00
45	3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos	0,00	0,00
475, 476, 477	4. Administracións Públicas	99.267,94	67.237,86
521, 523, 527, 528, 529, 550, 554, 559	5. Outros acredores	0,00	0,00
560, 561	6. Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	2.574,89	2.574,89
485, 585	<i>IV. Axustes por periodificación</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
	TOTAL XERAL (A+B+C+D)	3.035.755,65	1.539.874,72



Data: 31/12/2021

Nº CTAS.	DEBE	31/12/2021	31/12/2020
	A) GASTOS	16.670.995,46	12.915.287,98
71	1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00
	2. Aprovisionamentos	3.410.684,85	0,00
600, (608), (609), 610*	a) Consumo de mercadorías	0,00	0,00
601, 602, (608), (609), 611*, 612*	b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles	0,00	0,00
607	c) Outros gastos externos	3.410.684,85	0,00
	3. Outros gastos de xestión ordinaria	3.237.983,59	6.407.925,81
	a) Gastos de persoal:	2.760.315,81	2.523.282,94
640, 641	a.1) Soldos, salarios e asimilados	2.164.702,94	1.989.964,38
642, 644	a.2) Cargas sociais	595.612,87	533.318,56
645	b) Prestacións sociais	0,00	0,00
68	c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado	36.723,73	3.391.252,67
	d) Variación de provisións de tráfico	0,00	-129,25
693, (793)	d.1) Variación de provisións de existencias	0,00	0,00
675, 694, (794)	d.2) Variación de provisións e perdas de créditos incobrables	0,00	-129,25
	e) Outros gastos de xestión	440.944,05	493.519,45
62	e.1) Servizos exteriores	439.644,11	492.783,55
63	e.2) Tributos	1.299,94	735,90
676	e.3) Outros gastos de xestión corrente	0,00	0,00
	f) Gastos financeiros e asimilables	0,00	0,00
661, 662, 663, 665, 669	f.1) Por débedas	0,00	0,00
666, 667	f.2) Perdas de investimentos financeiros	0,00	0,00
696, 698, 699, (796), (798), (799)	g) Variación das provisións de investimentos financeiros	0,00	0,00
668	h) Diferenzas negativas de cambio	0,00	0,00
	4. Transferencias e subvencións	10.022.068,34	6.507.362,17
650	a) Transferencias correntes	1.488.208,66	1.202.898,58
651	b) Subvencións correntes	1.719,86	0,00
655	c) Transferencias de capital	8.532.139,82	5.304.463,59
656	d) Subvencións de capital	0,00	0,00
	5. Perdas e gastos extraordinarios	258,68	0,00
670, 671	a) Perdas procedentes de inmovilizado	258,68	0,00
674	b) Perdas por operacións de endebedamento	0,00	0,00
678	c) Gastos extraordinarios	0,00	0,00
679	d) Gastos e perdas doutros exercicios	0,00	0,00

Nº CTAS.	HABER	31/12/2021	31/12/2020
	B) INGRESOS	16.669.111,53	12.836.471,25
	1. Ventas e prestacións de servizos	0,00	0,00
700, 701, 702, 703, 704	a) Ventas	0,00	0,00
705, 741, 742	b) Prestacións de servizos	0,00	0,00
(708), (709)	c) Devolucións e "rappels" sobre vendas	0,00	0,00
71	2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación	0,00	0,00
	3. Outros ingresos de xestión ordinaria	142.236,04	21.945,83
72, 73, 740, 743, 744	a) Ingresos tributarios	0,00	0,00
773	b) Reintegros	67.639,61	9.538,61
78	c) Traballos realizados pola entidade	0,00	0,00
	d) Outros ingresos de xestión	74.320,55	12.404,73
775, 776, 777	d.1) Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	74.320,55	12.404,73
790	d.2) Exceso de provisións de riscos e gastos	0,00	0,00
760	e) Ingresos de participacións en capital	0,00	0,00
761, 762	f) Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado	0,00	0,00
	g) Outros xuros e ingresos asimilados	275,88	2,49
763, 765, 769	g.1) Outros xuros	275,88	2,49
766	g.2) Beneficios en investimentos financeiros	0,00	0,00
768	h) Diferenzas positivas de cambio	0,00	0,00
	4. Transferencias e subvencións	16.526.575,49	12.814.525,42
750	a) Transferencias correntes	4.516.121,04	4.169.931,85
751	b) Subvencións correntes	0,00	0,00
755	c) Transferencias de capital	12.010.454,45	8.644.593,57
756	d) Subvencións de capital	0,00	0,00
	5. Ganancias e ingresos extraordinarios	300,00	0,00
770, 771	a) Beneficios procedentes do inmovilizado	300,00	0,00
774	b) Beneficios por operacións de endebedamento	0,00	0,00
778	c) Ingresos extraordinarios	0,00	0,00
779	d) Ingresos e beneficios doutros exercicios	0,00	0,00
	DESAFORRO	1.883,93	78.816,73



**MEMORIA DAS CONTAS XERAIS DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS
EXERCICIO 2021**

INDICE

	PÁXINA
1. Organización	2
2. Bases de presentación	6
3. Aplicación de resultados	6
4. Principios contables e normas de valoración aplicadas	6
5. Estado operativo	9
6. Información carácter financeiro	9
7. Información sobre a execución do gasto público	11
8. Información sobre a execución do ingreso público	25
9. Gastos con financiamento afectado	29
10. Información sobre o inmovilizado non financeiro	29
11. Riscos e continxencias	32
12. Feitos posteriores ao peche	33
ANEXOS	
Anexo 1. Estado de liquidación do orzamento 2021	34
Anexo 2. Liquidación orzamento de gastos 2021	35
Anexo 3. Liquidación orzamento de ingresos 2021	36
Anexo 4. Cadro de financiamento orzamento 2021	37
Anexo 5. Estado do fluxo neto de tesourería 2021	38
Anexo 6. Convenios subscritos no 2021	39



1. Organización

A Axencia Galega das Industrias Culturais (en adiante a Agadic ou a Axencia) é un ente de dereito público, creado pola Lei 4/2008, do 23 de maio, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao amparo do seu Estatuto de Autonomía. A lei configurou a Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas na disposición adicional quinta do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

De acordo co indicado na disposición transitoria primeira da Lei 4/2008, a Agadic sucedeu dende a súa creación en todas as súas funcións e relacións xurídicas activas e pasivas, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (en diante, IGAEM) creado pola Lei 4/1989, do 21 de abril, modificada posteriormente pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro.

Do mesmo modo, e conforme a Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2008, a Axencia queda subrogada no momento da súa creación na totalidade dos bens, dereitos e obrigas afectos ou constitutivos do IGAEM. Pola súa parte, o persoal que prestaba os seus servizos no IGAEM pasou a prestalos na Agadic sen alteración algunha das súas condicións laborais.

Posteriormente, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece nos artigos 74 a 88 a regulación das axencias públicas autonómicas. O artigo 54.3 prevé que, despois da creación da Axencia, se procederá á aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta, por proposta da consellería de adscrición, logo do informe favorable das consellerías competentes en materia de administracións públicas e facenda.

Como consecuencia disto, o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, aproba o estatuto que rexe o funcionamento da Axencia, adapta as normas de Agadic ao réxime da Lei 16/2010, consonte a habilitación prevista no artigo 2.3 da Lei 4/2008 e na disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, e fixa as normas de dereito transitorio para o persoal que presta servizo na Axencia.

Ademais, no ano 2013, produciuse a integración do Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) na Agadic. Así, o Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, na súa disposición adicional quinta, recolle a integración do CGAI na Agadic, adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Ao seu abeiro, e co obxecto de materializar a devandita integración, con data do 1 de xullo de 2013, asinouuse por parte do secretario xeral da Presidencia, a secretaria xeral de Medios, o secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o Director da Agadic, o Acordo de traspaso entre a Secretaria Xeral de Medios e a Axencia,



mediante o cal se traspasan créditos dos capítulos II e VI da Secretaría Xeral Medios á Agadic e máis se traspasa o persoal correspondente.

Mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de xullo de 2016, aprobouse a relación de postos de traballo da Agadic (DOG nº 143 do 29 de xullo de 2016). A entrada en vigor da nova RPT supuxo o traspaso de dous postos (condutores), a incorporación doutros 2 (persoal administrativo) e a amortización de 2 (persoal técnico) o que se traduciu nunha redución neta de 2 postos de traballo.

A Axencia modificou o seu Estatuto coa finalidade de incorporar algunhas adaptacións necesarias na súa estrutura administrativa, co obxectivo de optimizar o seu funcionamento a través do Decreto 53/2021, do 18 de marzo polo que se modifica o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobado no 2012 .

As novidades máis salientables son:

- a) A creación dun departamento de coordinación xeral e xerencia, entendido como un departamento transversal para a coordinación e o asesoramento en cuestións de índole xurídico-administrativa, económico-financeira, contratación e xestión patrimonial, estudos, planificación e organización da xestión.
- b) A creación do departamento de música e danza que recolle e reformula a denominación e funcións do antigo departamento de produción coreográfica.
- c) A adscrición do CGAI, que pasa a denominarse Filmoteca de Galicia, ao departamento de política audiovisual que redefine as súas funcións.
- d) A redefinición das funcións do departamento de xestión.
- e) A regulación do persoal directivo da Axencia.

Deste xeito, o organigrama da Axencia, resultado de esta última modificación, estaría formado por:

- Dirección
- Coordinación xeral / xerencia
- Departamento de xestión
- Departamento de fomento e promoción de políticas culturais
- Departamento de política audiovisual
- Departamento de produción teatral
- Departamento de música e danza

Ademais temos que destacar ás tres unidades adscritas a Agadic: o Centro Dramático Galego, a Filmoteca de Galicia e o Centro Coreográfico Galego.

A Agadic ten por obxecto, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego,



cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

O seu domicilio encóntrase na Cidade da Cultura, edificio Centro de Emprendemento Creativo, Monte Gaiás s/n, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

A Axencia ten, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio, distinto do da Administración xeral da comunidade autónoma, integrado polo conxunto de bens e dereitos de que é titular. Así mesmo, a Axencia conta con plena capacidade de obrar; con suxeición en todo caso, ao establecido para os organismos públicos na normativa autonómica de patrimonio e no estatuto que rexe o seu funcionamento; para o cumprimento das súas funcións que se relacionan, de forma resumida, a continuación:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
- Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra de Galicia, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais. Para isto poderán establecer marcas de referencia e campañas publicitarias que reforcen o posicionamento de Galicia e dos produtos culturais galegos no mercado interior e exterior.
- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector, en especial, na formación de persoal cualificado para a súa administración e xestión e no deseño, acceso e emprego das novas tecnoloxías.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores, en canto subministradores de recursos inmateriais no proceso de produción. Tamén apoiará a colaboración entre empresas e creadoras e creadores como instrumento necesario para o impulso e asentamento do sector cultural.
- Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte das/dos axentes culturais, en especial, o impulso de centros que faciliten o acceso á cultura das cidadás e dos cidadáns dos núcleos pequenos, e o estímulo da mellora e modernización tecnolóxica.
- Impulsar, a través do Igape, a presenza das empresas culturais nos mercados financeiros en condicións vantaxosas, con programas de préstamos públicos ou actuando como



intermediaria entre as empresas produtoras culturais e as entidades financeiras privadas, en especial, para poder afrontar grandes proxectos desde a iniciativa privada.

- Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial, no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.
- Adoptar programas que potencien as sinerxías entre o desenvolvemento empresarial das actividades culturais e outros fins públicos como a protección do patrimonio natural, material e inmaterial, a contribución ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social, do turismo e da investigación.
- Facer estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural, así como difundir a información sobre os recursos destinados ás empresas culturais en calquera ámbito.
- Calquera outra iniciativa e acción dirixida á consecución dos seus fins.

O Estatuto determina que os órganos de goberno da Axencia son:

- a) A Presidencia
- b) O Consello Reitor, a quen lle corresponde, segundo o artigo 17 e) a aprobación das contas anuais e, no seu caso, a distribución do resultado do exercicio, de acordo coa lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Axencia conta tamén cun órgano de control e seguimento regulamentado na sección 4ª do capítulo IV do Estatuto, onde se recollen a súa composición e funcións, entre as que resaltan:

-Supervisar o procedemento e os sistemas de elaboración da información de xestión e a económico-financeira que se someterá ao Consello Reitor.

-Revisar as contas anuais que deben someterse ao Consello Reitor para a súa formulación de acordo coa normativa aplicable.

Marco normativo de información financeira aplicable:

A Agadic réxese pola súa lei de creación (Lei 4/2008, do 23 de maio), polo seu Estatuto (Decreto 150/2012, do 12 de xullo e Decreto 53/2021, do 18 de marzo) e en xeral, pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; polo Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; pola Orde do 28 de novembro de 2001, pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia; pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións



públicas e do procedemento administrativo común e pola restante normativa reguladora do sector público autonómico.

2. Bases de Presentación

Imaxe fiel

No cumprimento da lexislación vixente, o director da Axencia formulou estas contas anuais co obxecto de mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados das súas operacións, da liquidación do orzamento e dos cambios na situación financeira do exercicio 2021, así como a proposta de aplicación de resultados de dito exercicio.

Estas contas anuais preparáronse a partir dos rexistros auxiliares de contabilidade da Axencia do exercicio 2021.

O director da Axencia estima que as contas do exercicio 2021 serán aprobadas polo Consello Reitor sen variacións significativas. Como require a normativa contable, o balance, a conta do resultado económico-patrimonial e o cadro de financiamento do exercicio 2021 recollen, a efectos comparativos, as cifras correspondentes ao exercicio anterior, que formaban parte das Contas anuais de 2020, que foron sometidas á aprobación do Consello Reitor con data do 30 de xuño de 2021.

3. Aplicación de Resultados

A proposta de aplicación de resultados do exercicio anual terminado en 31 de decembro de 2021, formulada polo director e que se someterá á aprobación do Consello Reitor da Agadic, consiste en traspasar o desaforro do exercicio á conta de resultados de exercicios anteriores.

4. Principios Contables e Normas de Valoración Aplicados

Estas Contas anuais fórmulanse de acordo cos principios contables e normas de valoración e clasificación contidos no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Os principios aplicados son os seguintes:

a) Inmobilizacións inmateriais



As immobilizacións inmateriais procedentes do IGAEM que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2008, foron traspasadas no momento da creación da Axencia, valóranse polo valor neto contable recoñecido nos rexistros do IGAEM. As adicións dende a constitución da Axencia valóranse polo seu custe de adquisición e preséntanse netas da súa correspondente amortización acumulada e provisións, conforme aos seguintes criterios:

- A propiedade industrial recolle os custes inherentes ás patentes rexistradas pola Axencia e amortízanse linealmente durante un período de 5 anos.
- As aplicacións informáticas figuran polo seu custe de adquisición e amortízanse linealmente durante o período de 5 anos en que está prevista a súa utilización. Os custes de mantemento das aplicacións informáticas lévanse a gastos no momento en que se incorre neles.
- No epígrafe "Outro immobilizado imaterial" a Axencia rexistra os custes asociados a cada un dos proxectos que realiza anualmente. O rexistro lévase a cabo polo prezo de adquisición.

Ata o exercicio 2020, ao peche de cada exercicio, a Axencia amortizaba integramente os custos dos servizos e dos elementos non susceptibles de seren empregados noutros espectáculos. Na formulación das contas anuais do exercicio 2021 múdase o criterio contable, e ao peche do exercicio levouse a cabo a recualificación do gasto a "Traballos realizados por outras entidades" (conta 607). Polo que atinxe ao saldo acumulado ao inicio do exercicio das contas "Outro immobilizado imaterial" e a correspondente "Amortización acumulada do Immobilizado imaterial", optouse pola súa baixa.

b) Immobilizacións materiais

As immobilizacións materiais procedentes do IGAEM que, de acordo coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 4/2008, foron traspasadas no momento da creación dea Axencia, valóranse polo valor neto contable recoñecido nos rexistros do IGAEM. As adicións dende a constitución da Axencia preséntanse polo seu custe de adquisición, deducidas as amortizacións acumuladas correspondentes.

A amortización dos elementos do immobilizado material realizase sobre os valores de custe ou de achega, segundo proceda, seguindo o método lineal durante os seguintes anos de vida útil estimada.

Os gastos de mantemento e as reparacións do immobilizado material que non melloran a súa utilización ou non prolongan a súa vida útil cárganse á conta do resultado económico-patrimonial no momento en que se incorren.



	<u>Vida útil (anos)</u>
Construcións	25-30
Instalacións técnicas e maquinaria	8
Utillaxe e mobiliario	7-10
Equipos para procesos de información	5
Outro inmovilizado	4

c) Debedores

A Axencia segue o criterio de dotar aquelas provisións para insolvencias que permiten cubrir os saldos de certa antigüidade ou nos que concorren circunstancias que permiten razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro.

d) Curto / longo prazo

No balance clasifícanse a curto prazo os créditos e débedas con vencemento igual ou inferior a doce meses desde a data de peche do exercicio e a longo prazo cando exceden de dito período.

e) Ingresos e gastos

Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento impútanse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se ditan os correspondentes actos administrativos. Non obstante, ao peche do exercicio, aínda que non se ditan os correspondentes actos administrativos, recoñécense na conta do resultado económico-patrimonial e no estado de execución do orzamento os gastos efectivamente incorridos ata dita data. No caso das subvencións concedidas pola Axencia, os gastos derivados delas recoñécense no momento en que, recibida unha solicitude de cobro por parte do interesado, se acredite a realización e pagamento das actuacións subvencionadas e o resto de requisitos que se lle requiren na resolución de concesión da subvención.

De acordo coa normativa contable aplicable, as transferencias e subvencións recibidas, sexan correntes ou de capital, abónanse a resultados no momento en que son concedidas, salvo que sexan de carácter finalista, neste caso, contabilízanse como axustes por periodificación e non se abonan a resultados ata que se contraen as obrigas para as que foron autorizadas.

Seguindo o principio de prudencia, a Axencia unicamente contabiliza os ingresos efectivamente realizados ao peche do exercicio, en tanto que os riscos previsibles e as perdas eventuais contabilízanse tan pronto son coñecidos.



f) Situación fiscal

A Axencia é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. En base a isto e ao disposto no artigo 9 da Lei do Imposto sobre Sociedades en relación coa exención total de que gozan determinados entes do sector público, a Axencia encóntrase exento do Imposto sobre Sociedades, así como do IVE (artigo 20.un.14º da Lei 37/92 do IVE).

5. Estado operativo

O estado operativo da Axencia correspondente ao exercicio 2021, que inclúe as obrigas recoñecidas no exercicio segundo a súa clasificación funcional por programas, así como os dereitos recoñecidos durante o exercicio en base á súa clasificación económica, preséntase a continuación:

GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (€)	INGRESOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (€)
432B - Fomento das actividades culturais: Pago remanente tesourería 2021	16.706.524,40 - 308.776,17	3. Taxas, prezos e outros ingresos 4. Transferencias correntes 5. Ingresos patrimoniais 6. Alleamento de investimentos 7. Transferencias de capital	77.514,76 4.516.121,04 64.721,28 3.000,00 12.010.454,45
Resultado orzamentario	274.063,30		
Total	16.671.811,53		16.671.811,53

O importe dos gastos inclúe 308.776,17 € que corresponden á devolución do remanente de tesourería do exercicio 2020 ao Tesouro da Comunidade Autónoma.

Excluído este, o resultado orzamentario da Axencia para o exercicio 2021 é de +274.063,30 €

6. Información de carácter financeiro

a) Cadro de financiamento

Os cadros de financiamento da Axencia correspondentes aos exercicios 2021 e 2020 preséntanse no Anexo 4 que se xunta, que forma parte integrante das contas.

b) Remanente de tesourería

O estado do remanente de tesourería da Axencia correspondente ao exercicio 2021 preséntase a continuación:



CONCEPTOS	IMPORTES (€)	
1. (+) Dereitos pendentes de cobro		2.408.856,54
(+) do Presuposto corrente	2.408.856,54	
(+) de Presupostos Pechados	5.812,93	
(+) de operacións non orzamentarias	0,00	
(+) de operacións comerciais	0,00	
(-) de dubidoso cobro	-5.812,93	
(-) cobros pendentes de aplicación	0,00	
2. (-) Obrigas pendentes de pago		2.314.598,57
(+) do Presuposto corrente	2.212.755,74	
(+) de Presupostos pechados	0,00	
(+) de operacións non orzamentarias	0,00	
(+) Administracións Públicas	99.267,94	
(+) fianzas e depósitos recibidos a C/P	2.574,89	
(-) pagos pendentes de aplicación	0,00	
3. (+) Fondos Líquidos	177.105,33	177.105,33
I.- Remanente de Tesourería (1-2+3)		271.363,30
I.-Remanente de Tesourería afectado		-
II.-Remanente de Tesourería non afectado		271.363,30

Non se inclúen 3.990,81 € de acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento, que foron imputadas ao exercicio seguinte.

c) Tesourería

O estado da tesourería da Axencia correspondente ao exercicio 2021 é o seguinte:

CONCEPTOS	IMPORTES (€)	
1.- COBROS		15.319.376,61
(+) do Presuposto corrente	14.260.254,99	
(+) de Presupostos Pechados	1.027.091,54	
(+) de operacións non orzamentarias	32.030,08	
2.- PAGOS		15.241.685,06
(+) do Presuposto corrente	14.493.768,66	
(+) de Presupostos Pechados	747.916,40	
(+) de operacións non orzamentarias	0,00	
I. Fluxo neto de tesourería do exercicio (1-2)		77.691,55
3.- Saldo inicial da Tesourería		99.413,78
II. Saldo final de tesourería (1+ 3)		177.105,33



O estado do fluxo neto de tesourería da Axencia correspondente ao exercicio anual rematado o 31 de decembro do 2021 preséntase no Anexo 5 que se xunta e forma parte integrante das contas anuais.

c) Fondos propios

O movemento no 2021 do epígrafe de "Fondos Propios" do balance é o que se presenta no cadro seguinte (en euros) :

Descrición	Saldo 31/12/2020	Altas	Regularización de exercicios anteriores	Trasposos	Saldo 31/12/2021
Resultados exercicios anteriores	733.337,93			- 78.816,73	654.521,20
Resultados do exercicio	- 78.816,73	- 1.883,93		78.816,73	- 1.883,93
Totais	654.521,20	- 1.883,93		-	652.637,27

7. Información sobre a execución do gasto público

a) Modificacións de crédito

A Agadic elaborou o orzamento correspondente ao exercicio 2021 tendo en conta a natureza económica dos ingresos e dos gastos, así como as finalidades e obxectivos que se propoñen conseguir. O citado orzamento é público, único e equilibrado. A súa estrutura e o seu sistema contable axústanse ás normas que con carácter xeral se establecen para o sector público a efectos de normalización contable.

Os créditos iniciais son os asignados a cada aplicación orzamentaria no presuposto aprobado para cada exercicio nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. Os créditos definitivos veñen determinados polos créditos iniciais aumentados ou diminuídos como consecuencia de modificacións orzamentarias, que se realizan conforme ao disposto no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia e demais normativa de pertinente aplicación.

A consignación orzamentaria da Axencia para o 2021 presenta un importante incremento como consecuencia da reasignación dos créditos do programa operativo do FEDER Galicia 2014-2020 para paliar as consecuencias da pandemia COVID-19 en determinados sectores. Esta reasignación de fondos permitiu que a Agadic deseñase un programa para reactivación do sector cultural baixo a rúbrica de Hub de industrias culturais e creativas ao que se lle asigna un importe de 9.600.000 euros correspondente á financiación de fondos europeos REACT-UE.



Durante este exercicio xeráronse créditos, por valor de 2.053.761,99 euros procedente da aprobación do Plan de Transformación, Recuperación e Resiliencia polo goberno do Estado, que corresponden aos programas seguintes:

- 1.210.064,37 € para financiar as axudas á modernización de infraestruturas das artes escénicas e a música (CP24.I02.PO2)
- 843.697,62 € para financiar as axudas ás salas de cine (C25 I01).

A elección da Agadic como un dos organismos designados para recibir ingresos procedentes do Fondo de Consenso, aprobado no seo da Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 do Parlamento de Galicia, o que supuxo unha xeración de crédito por importe de 1.000.000 euros.

No incremento de crédito tamén hai que incluír un importe de 1.317.483,17 euros procedente dunha incorporación de crédito xerada a partir do acordo coa Axencia de Turismo de Galicia do ano 2020. Coa Axencia de Turismo de Galicia asinou un acordo dende a Consellería que implicaba uns créditos para Agadic por importe de 2.800.000

Os créditos presupostados para o exercicio 2021 foron os seguintes:

Créditos e modificacións	Importes (€)
Créditos iniciais	21.941.247,00
Modificacións orzamentarias	6.664.898,38
Créditos definitivos	28.606.145,38

Indícase de seguido o concepto e modalidade das modificacións:

Concepto	Tipo modificación	Importe
Acordo coa Aturga	Incorporación	1.317.483,14
Acordo Aturga- Consellería	Ampliación	2.800.000,00
Acordo Cidade da Cultura	Baixa	-180.000,00
Fondos consenso	Ampliación	1.000.000,00
Remanente tesourería	Ampliación	308.776,17
Fondos MRR	Ampliación	2.053.761,99
Acordo Consello da Xunta 29/12/2021	Baixa	-635.122,92
TOTAL		6.664.898,38



O detalle das modificacións de crédito da Axencia correspondentes ao exercicio 2021, atendendo á clasificación económica do gasto, é o seguinte (en euros):

Artigo	Denominación	Orzamento Inicial	Modificacións Presupostarias	Orzamento Definitivo
10	Altos cargos e delegados	60.516,00	-22.872,08	37.643,92
12	Funcionarios	121.654,00	37.254,06	158.908,06
13	Laborais	1.996.439,00	8.966,02	2.005.405,02
16	Cotas, prestacións e gastos sociais por conta do empregador	563.835,00	43.974,85	607.809,85
20	Alugamentos e canons	221.200,00	0,00	221.200,00
21	Reparacións, mantemento e conservación	41.400,00	0,00	41.400,00
22	Material, subministracións e outros	329.150,00	-53.904,52	275.245,48
23	Indemnizacións por razóns do servizo	42.000,00	0,00	42.000,00
41	A Administración Xeral da Comunidade Autónoma	0,00	308.776,17	308.776,17
46	A Corporacións Locais	238.714,00	-12.990,08	225.723,92
47	A empresas privadas	671.339,00	-33.527,92	637.811,08
48	A familias e institucións sen fin de lucro	255.000,00	0,00	255.000,00
62	Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	23.000,00	-15.049,76	7.950,24
63	Adaptación para Hub e investimento de reposición	6.000.000,00	0,00	6.000.000,00
64	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	5.577.000,00	948.000,01	6.525.000,01
76	A Corporacións Locais	200.000,00	2.468.688,80	2.668.688,80
77	A empresas privadas	5.600.000,00	1.900.661,00	7.500.661,00
78	A familias e institucións sen fins de lucro	0,00	1.086.921,83	1.086.921,83
TOTAIS		21.941.247,00	6.664.898,38	28.606.145,38

b) Remanentes de crédito

Os remanentes de crédito non comprometidos da Axencia no exercicio 2021 ascenderon a 11.395.974,99€, dos que 9.342.213,00 corresponden a Fondos React-UE (modal. 4190) e 2.053.761,99 a Fondos MRR (modal. 4620), tendo ambos o carácter de incorporables ao exercicio seguinte.



Artigo	Denominación	Orzamento Inicial	Modificacións Presupostarias	Orzamento Definitivo
10	Altos cargos e delegados	60.516,00	-22.872,08	37.643,92
12	Funcionarios	121.654,00	37.254,06	158.908,06
13	Laborais	1.996.439,00	8.966,02	2.005.405,02
16	Cotas, prestacións e gastos sociais por conta do empregador	563.835,00	43.974,85	607.809,85
20	Alugamentos e canons	221.200,00	0,00	221.200,00
21	Reparacións, mantemento e conservación	41.400,00	0,00	41.400,00
22	Material, subministracións e outros	329.150,00	-53.904,52	275.245,48
23	Indemnizacións por razóns do servizo	42.000,00	0,00	42.000,00
41	A Administración Xeral da Comunidade Autónoma	0,00	308.776,17	308.776,17
46	A Corporacións Locais	238.714,00	-12.990,08	225.723,92
47	A empresas privadas	671.339,00	-33.527,92	637.811,08
48	A familias e institucións sen fin de lucro	255.000,00	0,00	255.000,00
62	Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	23.000,00	-15.049,76	7.950,24
63	Adaptación para Hub e investimento de reposición	6.000.000,00	0,00	6.000.000,00
64	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	5.577.000,00	948.000,01	6.525.000,01
76	A Corporacións Locais	200.000,00	2.468.688,80	2.668.688,80
77	A empresas privadas	5.600.000,00	1.900.661,00	7.500.661,00
78	A familias e institucións sen fins de lucro	0,00	1.086.921,83	1.086.921,83
TOTAIS		21.941.247,00	6.664.898,38	28.606.145,38

c) Clasificación funcional do gasto

O detalle da clasificación funcional do gasto da Axencia correspondente ao exercicio 2021 figura no estado operativo. O presuposto da Agadic intégrase nos programas funcionais de gastos da Xunta de Galicia "432B", cuxa finalidade é o fomento das actividades culturais.

d) Planificación do gasto conforme ao Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 (prorrogado ao 2021)

O Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2015-2020 configúrase coma un documento aberto de planificación económica que asume como obxectivos propios os principios orientadores da Estratexia 2020 da Unión Europea.



EIXO									
E4- Sociedade dixital, lingua, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno									
PRIORIDADE DE ACTUACIÓN									
